

LEMBRANZAS

MEMORIAS

DAQUELA INFANCIA TAN DISTINTA

XOSÉ NEIRA VILAS RECOMPILA AS LEMBRANZAS DOS SEUS PRIMEIROS ANOS NUN LIBRO QUE GARDA TODA A RIQUEZA DO UNIVERSO QUE INSPIROU E INSPIRA AO AUTOR

Ramón Loureiro

A editorial ferrolá Embora publica *Aquel neno*, o novo libro de Xosé Neira Vilas. Un libro excepcional en múltiples sentidos, porque vén ser a lembranza que o autor fai dos seus primeiros anos, dos que inspiraron ese clásico das letras de Galicia que é *Memorias dun neno labrego*. Este libro novo constitúe, por tanto, unha viaxe aos universos primixenios do autor, feito a través dos seus propios recordos e, o que é máis importante aínda, da súa propia escritura.

Convén non deixar de dicir que, ademais de boa literatura, o libro, iluminado cunhas preciosas ilustracións de Xosé Vizoso, tamén é, ao mesmo tempo, un testemuño de máis que notable valor documental. Unha obra que permite viaxar, a través do tempo, ata unha Galicia que xa non existe. Aque-la Galicia da primeira metade do pasado século que non lle deixou a Neira Vilas outro ca-



NOVELA

«Aquel neno»

Xosé Neira Vilas. Edicións Embora. 15 euros. ***

miño, para ver cumpridos os seus sonhos, que a emigración.

É, este, un libro verdadeiramente fermoso. En primeiro lugar polo seu contido, como é natural. Pero, en segunda instancia, tamén como obxecto. Convén subliñar que Edi-

cións Embora, e por suposto o ilustrador da obra, conseguiron que o lector, ao ter nas mans un exemplar de *Aquel neno*, perciba de inmediato toda a emoción que unha obra así leva consigo. Incluso, e non sei se me darei explicado, toda a riqueza do que poderíamos chamar o universo Neira Vilas...

Permítanme, por certo, confesarlles que eu, coa lectura deste libro, non puiden evitar emocionarme. Especialmente con páxinas como o que Neira Vilas lle dedica, dun xeito especial-

Xosé Neira Vilas exercerá maña de preoneiro na Feria do Libro de Cee, onde presentará o seu novo libro

mente poético, á Noite de Reis. Porque a súa era a Noite de Reis dun pequeno que, aínda sendo devoto das Súas Maxestades de Oriente, non cría que eles lle fosen traer regalo ningún. E o certo que regalo houbo, si. En realidade, houbo dous. Foron dous patacóns. Un en cada zoco. O escritor chegou ver a quen traía o regalo. Pareceulle recoñecer aquela sombra, de feito. El cría saber quen era aquela sombra que, co seu modesto regalo —un agasallo tan chego de afecto— viña á procura da luz.

